

## **PROGRAMACIÓN DA AULA DE 6º EDUCACIÓN INFANTIL A**

### **1. CONTEXTUALIZACIÓN**

A presente programación está elaborada para levarse a cabo cun grupo de 16 alumnos e alumnas de 6º de Educación Infantil, concretamente 8 nenos e 8 nenas. Este alumnado estivo escolarizado o curso anterior neste mesmo centro.

A lingua materna que emprega a maioría é o castelán. Procurarei, tal e como establece a lexislación, a inclusión progresiva da segunda lingua, que neste caso é o galego.

Para a elaboración desta programación teño en conta as características evolutivas dos meus alumnos e alumnas. Así como a lexislación vixente, entre elas o Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil na comunidade autónoma de Galicia.

Referente ao alumnado é preciso destacar que na aula atópase escolarizado un alumno con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA). Este alumno conta con medidas ordinarias de atención á diversidade coma é o reforzo educativo e tamén con medidas extraordinarias como son a intervención individualizada das mestras de PT e AL.

### **2. OBXECTIVOS**

#### **Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal**

- Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo a través da interacción cos outros e do coñecemento das propias características.
- Coñecer e representar o propio corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións.
- Comprender a importancia dunha hixiene axeitada e cumprimento das normas sanitarias establecidas no protocolo da COVID-19.
- Coordinar e controlar progresivamente os xestos e movementos.
- Desenvolver sentimentos de autoestima, autonomía persoal e respecto cara os outros.
- Desenvolver estratexias para satisfacer as necesidades básicas propias, aumentando o sentimento de auto confianza e a capacidade de iniciativa.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades dos outros, desenvolvendo actitudes de respecto, axuda e colaboración.

- Fomentar a igualdade entre os distintos sexos e o respecto ante a diversidade.
- Identificar e expresar os propios sentimentos, necesidades, gustos, respectando os dos demais.
- Potenciar a capacidade de observación, memoria e destrezas manuais.

### **Coñecemento do contorno**

- Recoñecer e trazar os números do 0 ao 10 e asocialos coa cantidade.
- Identificar algúns ordinais: 1º, 2º, 3º
- Realizar operacións sinxelas de descompor, agregar e quitar.
- Identificar figuras e corpos xeométricos
- Establecer relacións lóxicas entre obxectos.
- Identificar situacións respecto a un referente.
- Ordenar secuencias temporais.
- Comprender e empregar cuantificadores.
- Realizar series de 2 e 3 elementos.
- Explorar obxectos, identificando as súas características.
- Coñecer e valorar manifestacións culturais propias de Salceda, doutros países e culturas.
- Coñecer algunhas relacións co medio físico e social, identificando os cambios que se producen neles.

### **Linguaxes: comunicación e representación**

- Comprender o argumento de narracións e contos.
- Expresar con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos, ideas e vivencias.
- Facer uso axeitado da biblioteca.
- Perfeccionarse na escritura do propio nome.
- Familiarizarse coa lingua escrita a través de contos, folletos de supermercado, prensa,...
- Identificar letras e palabras.
- Manifestar un bo grao de comprensión.
- escoitar con interese nas conversas de grupo ou indicacións.
- Aproximarse ao emprego do ordenador, tablet e PDI.
- Explorar distintas técnicas plásticas e empregar axeitadamente os utensilios básicos.

- Recoñecer as cores.
- Participar en actividades baseadas na linguaxe corporal.

### **3. CONTIDOS**

Os obxectivos establecidos anteriormente desenvolveranse a través dunha serie de contidos que especifico a continuación.

Asemade, tamén se traballarán as conmemoracións que establece o artigo 8 da Orde do 25 de xuño de 2020, pola que se aproba o calendario escolar para o presente curso.

#### **Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal**

- Aceptación da propia identidade, posibilidade e limitacións.
- Confianza nas propias capacidades na realización de tarefas.
- Discriminación das partes do corpo.
- Interese por mellorar o coñecemento e representación do propio corpo.
- Participación en xogos que afiancen a dominancia lateral.
- Valoración das conductas e hábitos que favorecen a saúde.
- Realización de xogos para exercitar as destrezas manuais, a observación, atención e memoria.
- Expresión de preferencias persoais e sentimentos en conversas.
- Adquisición de pequenas responsabilidades e tarefas na aula.
- Aplicación das normas que regulan a vida cotiá.
- Manifestación de actitudes de respecto, aceptación e afecto nas relacións persoais.

#### **Coñecemento do contorno**

- Realización do trazo dos números do 0 ao 10.
- Reconto de ata 10 elementos e asocialos co número correspondente.
- Ordenación dos números de maior a menor e de menor a maior, anterior e posterior.
- Agrupación de elementos.
- Apreciación da utilidade dos números e as operacións matemáticas en actividades da vida cotiá.
- Realización de descomposicións numéricas.
- Agrupación dunha decena ( 10 elementos).
- Aplicación a situacións da vida cotiá dos ordinais.

- Resolución de problemas sinxelos de sumas e restas.
- Curiosidade por explorar obxectos, contalos, clasificalos e comparalos.
- Recoñecemento das posicións ( diante- detrás, entre, arriba- abaixo, medio, esquerda- dereita, debaixo- enriba, aberto- pechado).
- Identificación e clasificación de obxectos segundo sexan: círculos, cadrados, rectángulos, triángulos, rombos, esferas, cubo, cilindro, borde de figuras.
- Aplicación dos cuantificadores: todo, nada, algún, ningún, metade, parte, enteiro, máis que, menos que,...
- Ordenación lóxica dunha secuencia temporal.
- Realización de seriacións de 2 e 3 elementos, verbalizando o criterio da serie.
- Aplicación de medidas: longo- curto, ancho- estreito.
- Recoñecemento das características significativas de cada estación.
- Observación de características de animais e plantas.
- Aprecio polos elementos representativos de Salceda de Caselas.
- Desenvolvemento de actitudes vinculadas ao consumo responsable.
- Identificación da rúa onde vive.

### **Linguaxes: comunicación e representación**

- Comprensión do argumento de contos, adiviñas e películas.
- Valoración da linguaxe oral como instrumento para comunicar sentimentos, ideas e intereses propios.
- Esfuerzo por adquirir un vocabulario axeitado para a idade.
- Realización de trazos propostos.
- Esfuerzo e interese por iniciarse na lectoescritura.
- Identificación de letras e realización do trazo das mesmas.
- Valoración da funcionalidade da escritura na vida cotiá.
- Actitude de escoita e respecto nas distintas situacións comunicativas que se dan na aula.
- Emprego de medios audiovisuais: ordenador, PDI, robótica, tablet, internet...
- Procura de información a través de internet e na biblioteca.
- Discriminación e emprego das distintas cores.
- Experimentación plástica a partires da observación de obras de arte.
- Utilización de distintas técnicas plásticas: grafismo, collage, puntillismo,
- Interese polo uso axeitado dos diferentes utensilios. Coidado do mesmo.

- Respecto polas producións alleas.
- Participación en dramatizacións.
- Reprodución de xestos e movementos para recrear unha situación proposta.

#### **4. ACTIVIDADES**

A continuación farei unha pequena descrición das actividades que levarei a cabo para acadar os obxectivos propostos na programación. Aínda que as estruturo, todas elas serán realizadas de xeito globalizado.

Actividades de aproximación á lectoescritura: láminas de trazo de letras, obradoiros de construción de palabras sinxelas na caixa de luz, audición de fonemas, identificación de letras con robótica, emprego da prensa,...

Actividades de expresión corporal: relaxación, dramatizacións,...

Actividades de lóxica- matemática : sumas con dados, restas con macarróns, láminas co trazo de números, reconto de elementos, emprego de robótica para identificar números, vivenciación corporal de conceptos, identificar formas en obxectos cotiás, realizar series con fichas do parchís, colocar máis/ menos troncos que o modelo dado, procura de un cordón máis longo que o modelo proporcionado,...

Actividades para traballar a educación emocional (alternativa á relixión): teatrillo das emocións, pintar a súa emoción segundo o sentimento que lles provoca a música que escoitan, mímica de emocións,...

Actividades plásticas e creatividade: creacións con plastilina, estampación de follas, xogos online (www.cokitos.com), recuncho maker da biblioteca,...

Actividades para fomentar a autonomía e destrezas manuais: realizar transvasamentos, rutinas e hábitos de hixiene, alimentación e coidado de si mesmo,

Actividades coas novas tecnoloxías: emprego de rato, PDI, tablet, aplicacións didácticas, robótica e caixa de luz.

Actividades para potenciar a observación, atención, memoria: contos, xogo de depresores, xogos educativos online (www.cokitos.com),...

Actividades para fomentar a linguaxe e aumentar o vocabulario: dramatización de contos, vídeos, conversas, bits de intelixencia,...

Actividades conmemorativas: semana do libro, día universal da infancia, día da muller, semana da prensa, día contra o acoso escolar,...

Actividades de reforzo e ampliación: actividades que precise cada neno e nena

para atender ás súas necesidades.

## **5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**

- Recoñece e nomea partes do seu corpo e é quen de reproducilas con detalle.
- É quen de compararse e recoñecer detalles físicos como estatura, cor de pelo, ollos,...
- Distingue algúns sentimentos e emocións: enfado, rabia, alegría,...
- Mellora o control nos movementos.
- Amosa unha boa autoestima.
- Confía nas súas posibilidades de acción.
- Acepta e cumpre as normas de convivencia, respectando aos demais.
- Lava as mans axeitadamente e colabora na limpeza e orde dos espazos que emprega.
- Asume con agrado responsabilidades sinxelas.
- Adquire autonomía e iniciativa nas tarefas.
- É quen de amosar o seu agrado ou desagrado ante situacións.
- É observador e presta atención.
- Participa activamente nas tarefas.

### **Coñecemento do contorno**

- Escribe series numéricas ascendentes e descendentes.
- Realiza a grafía dos números do 0 ao 10.
- Asocia elementos coa cantidade correspondente.
- Agrupa elementos.
- Realiza descomposicións numéricas.
- Sitúase segundo os ordinais.
- Realiza pequenos problemas de sumas e restas.
- Describe obxectos atendendo a diferentes atributos. Establece semellanzas e diferenzas.
- Recoñece figuras e corpos xeométricos.
- Establece relacións espaciais: diante- detrás- entre, arriba- abaixo,...
- Emprega cuantificadores básicos: todo- nada- algo, algún- ningún, metade, parte, enteiro,...
- Realiza series de 2 e 3 elementos.

- Ordena secuencias do día e de contos
- Nomea os días da semana, asociándoos a aspectos da escola.
- Distingue entre día laboral e festivo.
- Percibe a influencia das estación na paisaxe.
- É respectuoso co medio no que vive.
- Participa en actividade festivas.
- Recoñece rúas de Salceda e describe onde vive.

### **Linguaxes: comunicación e representación**

- Sente a necesidade de comunicarse e expresar libremente sentimentos, ideas e experiencias.
- Comprende a idea principal de narracións.
- Participa coherentemente e de xeito activo nunha conversa, respectando a quenda e escoitando.
- Escribe o seu nome.
- Discrimina algunhas letras e palabras sinxelas.
- Amosa interese por iniciarse na lectoescritura.
- Valora o emprego da biblioteca como fonte de pracer.
- Amosa imaxinación e creatividade nas elaboracións plásticas.
- Emprega axeitadamente os útiles e materiais plásticos.
- Manexa axeitadamente e de forma autónoma tablet, PDI, rato do ordenador,...
- Goza coa dramatización.

## **6. COMPETENCIAS BÁSICAS**

As competencias básicas que traballarei son:

*Autonomía e iniciativa persoal;* promovendo a realización de rutinas de aseo e hixiene persoal, tan importante nestes momentos sanitarios, e de actividades relacionadas coa vestimenta ( poñer e quitar o abrigo, abotoarse, abrir cremalleiras das mochilas,...)

*Competencia en comunicación lingüística;* a través de conversas, contos, dramatizacións, xogos,...

*Competencia matemática;* suxerindo actividades manipulativas no día a día nas que teña que contar, identificar, clasificar,...

*Competencia social e cidadana;* aproveitando o día a día na aula para enriquecer as relacións sociais (saudar, pedir as cousas por favor, dar as

grazas, respectar as producións alleas...).

*Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico*; aportando elementos do mesmo para que poidan observar, manipular e experimentar con eles.

*Tratamento da información e competencia dixital*; fomentarei situacións de manexo de tablet, rato, encerado dixital, para que teñan destreza e a maior autonomía posible, xa que é posible que ao longo do curso teñan que facer uso desta tecnoloxía nas súas casas para poder seguir o ensino de xeito semipresencial ou non presencial.

*Competencia cultural e artística*; promovendo actividades artísticas e culturais.

*Competencia para aprender a aprender*; presentando actividades nas que teñan que manipular, experimentar e potenciar o traballo cooperativo, aínda que sexa en grupos moi reducidos e seguindo sempre as indicacións sanitarias.

## **7. AVALIACIÓN**

Para realizar a avaliación baseareime na Orde 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Asemade tamén teño en conta o Decreto 330/209 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil en Galicia.

Esta será global, continua e formativa. As técnicas e fontes de información deste proceso serán a observación directa e sistemática. Tendo tamén en conta a información proporcionada polas familias nas titorías. Todos os datos destas entrevistas quedarán recollidos nun arquivo na aula, para poder facer un seguimento das mesmas.

Á hora de realizar a avaliación tomarei como referente os criterios de avaliación que establezo en cada unha das áreas.

Non se tratará de avaliar o que sabe, senón o que pode facer co que sabe.

Ao rematar cada trimestre realizarase unha sesión de avaliación, na que participaremos todo o profesorado que imparte docencia na aula. Posteriormente, e unha vez cubertos os ítems en Xade, as familias poderán acceder aos boletíns de avaliación de cada un dos trimestres a través da aplicación Abalar Móbil.



Pero a avaliación non se centrará soamente nos procesos de aprendizaxe, senón que tamén avaliarei o meu traballo no proceso de ensinanza. Terei en conta:

- A adecuación da programación e dos seus elementos ( actividades, espazos, tempos, materiais,...)
- A miña actitude, grado de implicación.

## **8. METODOLOXÍA**

O que os nenos e nenas aprenden, depende en gran medida de como o aprenden. Por iso, é fundamental establecer unhas orientacións metodolóxicas axeitadas para as características do alumnado.

Tendo en conta isto e partindo do Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil en Galicia, os principios metodolóxicos nos que me paso son os seguintes:

*Individualización:* aínda que todo o alumnado ten a mesma idade, terei en conta que cada un é único e especial. Posúe os seus intereses, necesidades, características persoais, estilo cognitivo e ritmo de aprendizaxe.

*Enfoque globalizador e aprendizaxe significativo:* partirei dunha avaliación inicial para relacionar os novos contidos cos coñecementos previos de cada neno e nena. Programarei actividades o máis atractivas posibles e relacionadas cos seus intereses, nas que aprecien a utilidade e finalidade dos novos contidos que van adquirindo.

Para que estas aprendizaxes sexan significativas terei en conta o principio de globalización.

*Afectividade e actividade:* crearei un clima acolledor, de confianza e de seguridade. Fomentarei as relacións sociais e a socialización, pero tendo en conta o protocolo covid- 19 do centro e mantendo as distancias recomendables nas mesmas.

É moi importante seguir traballando a *socialización*, aínda que teña que ser de xeito diferente. Non por este motivo debemos esquecermos de valores como a amizade, a axuda, as normas, o respecto polo demais,... buscaremos outras maneiras de amosar o afecto, que tanto se precisa nestas idades, sen manter contacto físico.

Outro aspecto necesario para o seu desenvolvemento físico e motor e para a construción do coñecemento e á *actividade*. Polo que, os nenos e nenas terán

un papel activo en todo momento. Dotarei dun carácter lúdico calquera actividade que realicemos, evitando a separación entre xogo e traballo, posto que o xogo é o traballo dos cativos.

*Funcionalidade e aprendizaxe por descubrimento:* tratarei de propor actividades que sexan funcionais, que lles sirvan para o seu día a día. Procurando que nestas teñan que manipular, explorar e experimentar.

Un principio que se pode ligar a este é a motivación. É indispensable que se sintan atraídos cara a aprendizaxe, polo que tratarei de motivalos coa decoración da aula, empregando materiais variados e innovadores e empregando estímulos afectivos. Tamén será importante aceptar sempre os acertos e os erros, animándoos para que o sigan intentándoo.

Tendo en conta isto e para espertar unha maior motivación traballarei por proxectos de traballo, que poidan xurdir na aula ou ben introducidos mediante un axente motivador pola miña parte. Por este motivo, non se poderán empregar libros de texto, senón que todo o material será elaborado por min. Ademais o material de propia elaboración é o que mellor responde ás necesidades do meu alumnado.

Á hora de organizar os proxectos, terei en conta o proxecto de centro.

Esta organización do traballo por proxectos supón non poder, en ocasións, encadrar temporalmente tódalas aprendizaxes.

*A colaboración familia- escola:* nesta etapa é moi importante que haxa unha estreita relación e comunicación entre ambas. Esta realizarase a través de Abalar Móbil, Webex e correo electrónico.

O horario de atención ás familias é os martes de 16:00 a 17:00 horas e na medida do posible, realizaranse a través de medios telemáticos.

## **9. ORGANIZACIÓN DO ESPAZO**

É importante que os nenos e nenas se sintan cómodos na aula e esta atenda ás súas necesidades.

Se temos en conta as características dos nenos e nenas desta idade e tamén o que establece o plan de adaptación á situación da covid-19 do centro, na aula diferencio 2 zonas. Unha **zona central**, con cadeiras e mesas, formando 4 grupos colaborativos , de 4 membros cada grupo e unha segunda zona ao seu redor, que son os **recunchos**.

A pesares de que os recunchos deben ser de uso individual, considero que son precisos e tamén é algo que demanda o grupo.

Asemade, faremos uso da zona do patio que nos corresponde para realizar varias tarefas, sempre que o tempo meteorolóxico e as condicións do centro o permitan.

## **10. ORGANIZACIÓN DO TEMPO**

Na **organización temporal**, dicir que respectarei o ritmo individual, os intereses e niveis madurativos do alumnado. Organizarei a xornada a través do establecemento de rutinas, que proporcionan orde e seguridade aos nenos e nenas. Ao levar tanto meses sen acudir á escola e cos cambios que se tiveron que realizar no centro, farei máis fincapé neste aspecto.

Na realización das tarefas evitarei as presas, a rixidez e alternar actividades con períodos de descanso.

## **11. RECURSOS DIDÁCTICOS**

Podemos distinguir, por un lado os **recursos persoais**, os cales se verán afectados pola situación sanitaria, xa que non acudirán á aula persoas alleas ao centro. De ser preciso, poderemos facelo de xeito telemático .

Contarei cos mestres e mestras de apoio, especialistas, DO,...

E, por outra banda, os **recursos materiais**, que serán abundantes, variados, seguros, motivadores,...

O material de uso propio será individual e estará gardado e etiquetado co nome de cada neno e nena.

Á hora de empregar o material común, seguiranse as medidas establecidas no protocolo covid do centro.

O uso da caixa de luz e do escornabot, será o punto de partida de moitas tarefas. Asemade, tamén aumentarei o emprego das novas tecnoloxías, xa que poderán empregarse tanto na escola, como nos fogares de cada un. Estas serán empregadas para a visualización de contos, audición de cancións, xogos multimedia para traballar contidos, elaboración de palabras, procura de información,...

## **12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Darei resposta ás necesidades que presente cada un dos meus alumnos e alumnas, co fin de contribuír ao seu desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual. Nestas respostas priorizaranse as medidas de carácter ordinario

(reforzo educativo, apoio, adecuación na estrutura organizativa,...) e soamente cando se esgoten estas, recorrerase ás de carácter extraordinario ( adaptación curricular, apoio do profesorado de AL e PT, flexibilización da duración do período de escolarización,...)

As familias recibirán, de xeito individualizado, a información necesaria e asesoramento das necesidades dos seus fillos e fillas, así como das medidas que se aconsellan dende o departamento de orientación do centro.

En todo este proceso tomarei como referente a lexislación correspondente, entre elas o Decreto 229/ 2011 do 7 de decembro pola que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docente de Galicia.

### **13. ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA ALTERNATIVA Á RELIXIÓN**

Nestas sesións participan 12 nenos e nenas.

Dedicaremos estes intres a traballar as emocións e diferentes valores, xa que é moi importante que dende pequenos aprendan a identificar e xestionar as súas emocións, así como poñerse no lugar do outro e respectalo.

Para este fin realizaremos diferentes tarefas:

- Xogos de conciencia corporal.
- Xogos de mindfulness e relaxación.
- Visualización de contos.
- Identificación de emocións. Memori de emocións. Xogos de mímica.
- Dramatizacións.
- Actividades plásticas con música.

### **PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA EN ESCENARIOS DIFERENTES AO PRESENCIAL.**

No referido á atención educativa do alumnado da aula de 5 anos A nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS.”

